



## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA PARA SELECCIÓN URGENTE DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE 1 COIDADOR-A INFANTIL A XORNADA COMPLETA PARA O SERVIZO OFRECIDO NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.**

Pola alcaldía-presidencia de este concello, VISTA a existencia dunha necesidade efectiva de novo persoal para a prestación da obra ou servizo de **ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL** durante o ano 2018 (**dende o 01 de xuño hasta o 31 de xullo de 2018**) que non pode ser atendida polo persoal existente posto que ante as diversas reducións de xornada por garda legal así como a recente situación de baixa por risco durante o embarazo dunha das educadoras infantís, e con motivo de manter o bo funcionamento dos servizos e infraestruturas básicas municipais correspondentes,

### **RESOLVESE:**

Efectuar a convocatoria para a selección de persoal laboral interino do Concello de Xove para os postos de traballo que se relacionan seguidamente:

<b>POSTO DE TRABAJO</b>	<b>Nº DE POSTOS</b>	<b>CUALIFICACIÓN PROFESIONAL</b>
<b>COIDADOR/A INFANTIL</b>	<b>1</b>	<b>COIDADOR/A INFANTIL</b>

As características son las seguintes:

- a) **Tarefas obxecto do contrato ou contratos:** Coidador/a Infantil (Posto 44 RPT).
- b) **Duración:** Praza a xornada completa desde 01 de xuño hasta o 31 de xullo de 2018.
- c) **Retribución:** Segundo convenio ou normativa aplicable.
- d) **Tipo de contrato laboral:** Laboral temporal a xornada completa.
- e) **Requisitos para a selección dos candidatos.**
  - a) **Ser cidadán español ou cidadán membro dun estado da Unión Europea.**
  - b) **Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da que no seu caso se fixe na convocatoria.**
  - c) **No padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das funcións.**
  - d) **Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas nin encontrarse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.**
  - e) **Dispoñer de determinada titulación ou coñecementos específicos na materia de que se trate: Esíxese como mínimo Título Superior de Educación Infantil.**
  - f) **Acreditar como mínimo unha experiencia de 3 meses en posto de coidador/a infantil.**
  - g) **Dispoñer do CELGA 2.**
  - h) **Dispoñer de formación en primeiros auxilios.**



- i) **Dispoñer de certificado de manipulador de alimentos.**
- j) **Dispoñer de Certificación Negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais.**
- f) **Sistema de publicación da convocatoria.**

A publicidade da convocatoria efectuarase mediante o Taboleiro de Anuncios Municipal, a Páxina Web Municipal e nun periódico de boa tirada na comarca.
- g) **Criterios de selección.** Para a selección dos aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos:
  - a) Valoración de méritos. **Máximo 7,5 puntos.** Os méritos puntuaranse segundo a seguinte táboa:
    - i. **Formación Complementaria. Máximo 2,5 puntos.** Formación complementaria en educación infantil. Por cada curso relacionado directamente co coidado infantil de duración igual ou superior a 20 horas acreditadas por unha Universidade, Institución Pública, Colexio Profesional ou Centro de Formación Acreditado: 0,8 puntos.
    - ii. **Experiencia Profesional. Máximo 1 punto.** Por experiencia en Escola Infantil Pública: A razón de 0,10 puntos por cada mes traballado a partir dos 3 meses esixidos. En Escola Infantil Privada, 0,05 puntos.
    - iii. **Lingua Galega. Máximo 1 punto.** Posuir CELGA 3, 0,5 puntos. CELGA 4, 1 posto. Só se valorará o nivel máis alto.
    - iv. Por pertencer a un ou máis **colectivos con dificultades de integración laboral**, tales como: mulleres, maiores de 45 anos, persoas con discapacidade, paradas de longa duración, vítimas de violencia de xénero, e outros que se recollan na normativa sectorial vixente = **3 puntos.**

As valoracións celebraranse o **Mércores día 29 de Maio de 2018 ás 10:30 horas no Salón de Plenos Municipal.**

#### h) **Composición del tribunal:**

A selección dos aspirantes realizarase por un Tribunal presidido polo **Encargado do Negociado de Persoal** ou traballador en quen delegue, e integrarase como mínimo polas persoas que se relacionan seguidamente:

- **Secretario:** O secretario da corporación ou persoa na que delegue, con voz e voto.

#### **Vocais:**

- **1º) Vocal Titular: Dna. Elena Santos Rey** (Interventora Municipal), e como suplente D. Manuel Peteira González.
- **2º) Vocal Titular: Dna. Ana De la Barrera Vila** (Traballadora Social do Concello de Xove), e como suplente **Dna. María Rego Domínguez.**
- **3º) Vocal Titular: D. Andrés García Piñeiro** (Presidente do Comité de Empresa) e como suplente. **D. Albano Riveira Paleo**

Os aspirantes aprobados que non obteñan praza pasarán a constituir unha lista de reserva para cubrir eventuais vacantes ou substitucións.



**Xove, a 21 de Maio do 2018**

**ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**